



BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE DO PLENO DO DÍA 22 DE XULLO DE 2008

Sres. asistentes:

SR. ALCALDE – PRESIDENTE.-

DON JUAN ANTONIO MACEIRAS BARROS (PP)

SRES. CONCELLEIROS PRESENTES.-

DON JESÚS VEIGA SABÍN (PP)

DON ANTONIO BERNARDO LÓPEZ (PP)

DONA MARÍA ROSARIO MANSO LÓPEZ (PP)

DONA TANIA MARIA RUANOVA SUAREZ (PP)

DON FRANCISCO REY MALLO (PP)

DONA EVA MARIA VILARIÑO GONZÁLEZ (PP)

DON MANUEL MONTERO ANIDO (PSOE)

DONA EMMA GONZÁLEZ ÁLVAREZ (PSOE)

DONA ROSA MARIA MASEDA GONZÁLEZ (BNG)

DON JOSE MARIA LAYA CARRIL (TEGA)

SRES. CONCELLEIROS AUSENTES.-

DON JUAN MANUEL BECEIRO CABEZAL (PSOE)

DON ANTONIO CORTIZAS RODRÍGUEZ (ASI - MIÑO)

SRA. SECRETARIA MUNICIPAL.-

ALEJANDRA RODRÍGUEZ MENÉNDEZ.

SR. INTERVENTOR MUNICIPAL

FRANCISCO JAVIER ULLOA ARIAS

No Salón de plenos da Casa Consistorial de Miño ás dez horas do día 22 de xullo de 2008, reúnen-se as Sras. Concelleiras e os Sres. Concelleiros que se acaban de citar, co obxecto de realizar a sesión extraordinaria e urxente do Pleno municipal segundo a seguinte orde do día:

De conformidade co establecido no artigo 79 do ROF, respecto as sesións extraordinaria e urxentes, procedese como primeiro punto da orde do día a ratificar urxencia da convocatoria polos concelleiros presentes, sendo a mesma ratificada por unanimidade dos mesmos (11 votos a favor do PP, PSOE, TEGA, BNG)

APROBACIÓN DO ACORDO DE PARTICIPACIÓN NO GRUPO DE DESENVOLVEMENTO RURLA GRD – 29.

Dáse conta da proposta de alcaldía na que se establece:

“O programa de Desenvolvemento Rural de Galicia 2007-2013 contempla as actuacións cofinanciadas con fondos europeos coas que se pretende realizar un esforzo que nos permita acadar un medio rural sólido e viable no horizonte do 2013.

O programa LEADER é un dos eixes estratéxicos destas actuacións e deseñárase e executarase polos Grupos de Desenvolvemento Rural (GRD), que serán asociacións sen ánimo de lucro constituídas por todas as entidades do ámbito económico, social, cultural, veciñal, medioambiental ou profesional, así como os concellos que desexen implicarse no desenvolvemento dese programa, quedando excluídas as persoas físicas e as empresas.



O novo mapa territorial deseñado pola Consellería de Medio Rural ubica o territorio de Miño no GRD-29 xunto cos concellos de Abegondo, Aranga, Arteixo, Bergondo, Betanzos, Cambre, Carral, Cesuras, Coiros, Culleredo, Irixoa, Oleiros, Oza dos Ríos, Paderne e Sada. É dicir, agrupa os concellos incluídos na Fundación para o Desenvolvemento da Comarca de Betanzos e o Grupo de Acción Local Terra das Mariñas.

Por todo iso é necesario constituír un novo Grupo de Desenvolvemento Rural no que participen todas as organizacións interesadas no territorio.

Por todo isto, e considerando que para o noso Concello é importante participar como socio nesta asociación, da que se poden obter beneficios para proxectos de desenvolvemento local públicos ou privados como poden ser investimentos para a posta en valor do patrimonio ambiental, actividades turísticas, deportivas, de transporte, para a axuda á poboación dependente, etc...

Esta alcaldía **propón ó pleno municipal a adopción do seguinte acordo:**

1º.- Participar no Grupo de Desenvolvemento Rural GRD-29.

2º.- Facultar ao alcalde ou persoa en que delegue, para levar a cabo a participación do Concello no GDR-29 citado, na súa constitución e desenvolvemento, así como a adopción de toda aquelas decisións que se deban tomar para levar a cabo os fins e actividades que para o citado grupo recollan os seus Estatutos, e os proxectos públicos e privados que poida promover, especialmente os que afecten so noso termo municipal.”

Sometida a proposta de acordo formulada pola alcaldía a votación obtense o seguinte resultado: 11 votos a favor do PP, PSOE BNG,e TEGA.

Queda aprobada a proposta de acordo da alcaldía, relativa á participación do Concello de Miño no Grupo de Desenvolvemento Rural GRD- 29, por unanimidade dos concelleiros presentes.

Non habendo outros asuntos que tratar, o Sr. alcalde dá por finalizada a sesión, sendo as dez horas e quince minutos, de todo o cal como secretaria dou fe.

O Alcalde - Presidente

A secretaria Municipal